



En Boiro, sendo as 16:00 horas do día 18 de xaneiro de 2016, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

**Ausentes:**  
Chouza, C.  
Barcala, M.  
Ferreirós, T.  
Morales, M.

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Resultados da primeira avaliación.
3. Información sobre a 1ª avaliación de pendentes.
4. Actualización das Normas de Organización e Funcionamento
5. Información sobre as actuacións relativas ao aumento da matrícula.
6. Suxestións e preguntas.

1. Apróbase por unanimidade a acta da anterior sesión celebrada o 27 de novembro de 2015.
  2. O xefe de estudos fai unha análise dos resultados da primeira avaliación.
  3. O xefe de estudos agradece ao profesorado a súa colaboración na consignación de faltas no XADE e invita ás titoras e aos titoras para que comuniquen o exceso de faltas ás familias (superior ao 12% na ESO e conforme ao establecido para a FP) e activen, respectivamente, os Protocolos de absentismo e Perda de avaliación continua.
  4. A directora informa que a sesión de **avaliación de pendentes** se vai celebrar o 20 de xaneiro pola tarde. Indícaselles aos xefes de departamento que para axilizar a sesión de avaliación deberán ter introducidas medidas as notas no XADE e que o cuestionario que recolle a asistencia, participación e realización de exames se fará durante a sesión de avaliación. Indica que a cada sesión de avaliación deberán acudir os xefes de departamento ou as persoas nas que se delegar a recuperación do alumnado pendente.
  5. O xefe de estudos expón as modificacións realizadas nas Normas de Organización e Funcionamento sobre gardas, autorizacións, actividades complementarias e extraescolares, emprego de teléfonos móbiles e uso xeral das instalacións.
  6. A directora informa das medidas susceptibles de ser aplicadas e comenta o que se está a facer para aumentar o número de alumnado matriculado no Centro, establecer as prioridades na petición de novas ensinanzas e propor novas estratexias da mellora docente. A directora expón que existen unhas **liñas de acción prioritarias**.
    1. Divulgación da oferta docente do Centro.
    2. Aumento da oferta docente.
    3. Mellora da acción tutorial e docente.
    4. Espiñeira 2.0.
- Achégase en anexos a presentación realizada polo xefe de estudos.
7. Aportacións do profesorado relativas á exposición de medidas:
    - a) Antón Castro propón que se fale coa empresa Outeiral para tentar negociar unha redución do prezo do billete do transporte público, estudar as liñas que existen na actualidade e considerar a posibilidade de subvencionar o transporte por parte do Concello.
    - b) Mónica Pérez expón a súa opinión sobre o póster informativo e o xefe de estudos invítala a participar na súa elaboración.
    - c) Susana Hermo propón que as xornadas de portas abertas inclúan unha serie de actividades para a persoas que asistan a elas (nos laboratorios, nos talleres, ...).
    - d) Carlos Busto expón a súa opinión sobre os problemas informáticos do Centro e o acceso a internet e advirte da dificultade de resolver ese problema.
  8. Mercedes Fernández e Sonia Rodríguez presentan as actividades de Entroido.
  9. Suxestións e preguntas:
    - a) Susana Hermo solicita formación para o uso das pizarras dixitais e roga que se valore aprazar a avaliación de pendentes a finais de xaneiro para non a facer coincidir coas recuperacións da primeira avaliación. A directora indica que esa formación está solicitada e se impartirá os próximos días. En relación ao adiamento da avaliación de pendentes, o xefe de estudos indica que se estudará esa posibilidade para o futuro.
    - b) Susana Hermo expresa as súas queixas sobre o frío na aula de 2º de Xestión.
    - c) Carlos Busto pide que se estude a posibilidade de non impartir a tarde do xoves alongando a xornada lectiva ata as 15:00 (agás o martes). Tamén pide que se valore a posibilidade de ter dous recreos (15 + 15 minutos) en vez de un só (30 minutos).



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

**IES Espiñeira**

Espiñeira s/n 15930 Boiro  
☎ 981-847677 📠 981-848548  
ies.espiñeira@edu.xunta.es  
www.espiñeira.es

---

Sen máis asuntos que tratar, levántase a presente reunión sendo as 18:30 horas

A DIRECTORA



O SECRETARIO



Asdo.: Mercedes Fernández Fernández

Asdo.: Manuel Pimentel González

**CCP**  
**18/1/2016**

**ANÁLISE DA 1ª AVALIACIÓN**  
**IES ESPIÑEIRA**  
**2015-2016**





## AVALIACIÓN DE PENDENTES

### PENDENTES ESO/BAC HORARIO DA SESIÓN DE AVALIACIÓN

PRIMEIRA AVALIACION  
MÉRCORES 20 DE XANEIRO DE 2016

HORA	ESO / BAC
16:30 – 16:50	2º ESO
16:50 – 17:10	3º ESO
17:10 – 17:30	3º PMAR
17:30 – 17:50	4º ESO
17:50 – 18:10	4º PDC
18:10 – 18:30	2º BAC

LUGAR	Aula 11
-------	---------

EQUIPO DIRECTIVO	Xefe de estudos
------------------	-----------------

ENTREGA DE NOTAS  
VENRES 22 DE XANEIRO DE 2016

#### INTRODUCCIÓN DE NOTAS:

- Para facilitar o traballo dos titores, as notas deberán ser introducidas no XADE **antes das 22:00 horas** do martes 19 de xaneiro de 2016.
- A cada sesión de avaliación deberán acudir os **xefes de departamento ou as persoas nas que se delegará a recuperación do alumnado pendente.**
- Os titores presidirán e coordinarán as sesións de avaliacións.
- Pégase estar con 15 minutos de antelación sobre a hora prevista da avaliación.

## ACTUALIZACIÓN DAS NOF

### 7.3. As gardas.

- Finalizada a garda, anotaranse as incidencias, os retrasos significativos e as ausencias do profesorado e alumnado. Para este fin, empregaranse os listados de alumnos que están a disposición do profesorado xunto o libro de gardas. **O profesorado de garda pasará a lista e anotará no libro de gardas a relación de alumnos que faltaron a clase durante a ausencia do profesor ou deixara unha nota para que, unha vez reincorporado o profesor ausente, este poida consignar as faltas do seu alumnado na aplicación XADE.**

### 7.6.1. Autorizacións.

- Xunto co formulario de matrícula as familias cumprimentarán os documentos que autorizan o centro para 1) a realización de **actividades complementarias e extraescolares en horario lectivo**, 2) o **tratamento da imaxe do alumnado** e 3) as **comunicacións por vía electrónica**.

## ACTUALIZACIÓN DAS NOF

### 7.8. Actividades complementarias e extraescolares.

- As actividades complementarias e extraescolares (ACE) serán autorizadas pola familia a principio de curso a través do formulario de matrícula. Aínda que as actividades complementarias non precisan dunha autorización dado que se realizan en horario lectivo e son obrigatorias, a **dirección informará ás familias da realización de cada unha das actividades que impliquen a saída do centro en horario lectivo.**
- Co obxecto de dar cumprimento ás funcións do Consello Escolar e autorizar a realización daquelas actividades complementarias e extraescolares que, por razón de concurrencia ou apremio, non se puideran facer a principio de curso nos prazos establecidos, o Consello Escolar acorda nomear **unha subcomisión de ACE, constituída polo director/a, un profesor e un PAS, que se encargará de autorizar as ACE sen necesidade de convocar a todos os membros do Consello.**

### 8.6. Teléfonos móbiles e outros dispositivos.

- O artigo 19 do decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar **prohíbe o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos** e que, excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica. Neste senso, salvo que o **profesorado decidira empregar os dispositivos móbiles como ferramenta pedagóxica durante as actividades lectivas**, os teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos deberán estar apagados e nun lugar non visible. O incumprimento reiterado desta norma terá o tratamento de conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

## ACTUALIZACIÓN DAS NOF

### 9.1. Uso xeral das instalacións.

- Todo o profesorado e o alumnado ten garantido unha aula onde impartir e recibir clase. A adecuada organización do centro esixe que estes espazos sexan empregados e respectados, **non podendo, con carácter xeral, ocupar outros espazos que non lle foran asignados.** As **solicitudes de uso das instalacións por parte dos membros da comunidade educativa, dentro e fóra do horario lectivo, serán cursadas cunha antelación mínima de 48 horas** e resoltas pola comisión de actividades complementarias e extraescolares do Consello Escolar.
- Conforme as Normas de Organización e Funcionamento do centro, **a cesión de instalacións con carácter continuado a persoas alleas ao centro fóra de horario escolar, deberá ser solicitada en escrito dirixido ao Xefe Territorial de Educación da Coruña. A xefatura territorial, oída a dirección e á vista da documentación aportada (exposición de motivos, identificación dos responsables, tempos de utilización requiridos, número e características dos usuarios, dependencias e recursos necesarios) decidirá a procedencia da cesión.** As cesións esporádicas ou puntuais das instalacións serán resoltas pola comisión de actividades complementarias e extraescolares do Consello Escolar.
- O director poderá interrompirla unha cesión cando considere que o interesado non cumpre as condicións ou os fins para os que lle foi concedida a instalación e informará ó Consello Escolar.

# FUTURO ESPÍÑEIRA



## FUTURO ESPÍÑEIRA: ACTUACIÓNS

### CONSIDERACIÓNS PREVIAS:

- Precisábase tempo para pensar e tempo para facer propostas
- Todos debemos participar na resolución dos problemas.
- O equipo directivo precisaba tempo para estudar a vosas propostas, valorando **viabilidade** das mesmas considerando as **limitacións** que temos, determinando o **grado de implicación** que esixe do profesorado para seren levadas a cabo (acción puntual vs acción periódica vs acción continua) ou buscando os **colaboradores necesarios**.

### OBXECTIVO DA REUNIÓN:

- Establecer un plan de traballo común para os próximos meses/curso no que se concretarán as medidas susceptibles de ser aplicadas e rendir conta do que estamos a facer (a reserva de praza para o curso 2016-2017 empeza en febreiro).

### OBXECTIVO DO CENTRO:

- Aumentar do número de alumnos matriculados no centro,
- Establecer as prioridades na petición de novas ensinanzas,
- Establecer estratexias de mellora docente.



## FUTURO ESPIÑEIRA: ACTUACIÓNS

### QUÉ MEDIDAS TOMAR?

- Mentres non saibamos cal é a medida estrela debemos estar dispostos a explorar todas as posibilidades de intervención e a asumir o compromiso común de levalas a cabo.
- Facer propostas que non estamos dispostos a asumir non ten sentido e podería incluso desvirtuar o que pretendemos facer.

### QUEN LEVA A CABO AS MEDIDAS:

1. Equipo directivo
2. Titor
3. Profesorado (individual ou colectivo).
4. Departamento

### AS NOSAS LIMITACIÓNS:

- Plantilla limitada: tope docente
- Tecnolóxica: 9 megas reais de ADSL, disposición do profesorado a mudar a forma de ensinar ou forma de abordar as titorías,
- A inspección

## FUTURO ESPIÑEIRA: ACTUACIÓNS

### MEDIDAS DE ACCIÓN PRIORITARIAS:

1. Divulgación da oferta docente: colexios, institutos, AMPAS, portas abertas, ...
2. Aumento da oferta docente: CSAD, EPA, EOI, ...
3. Mellora da acción docente e titorial.
4. Espiñeira 2.0 (aposta tecnolóxica)
5. Outras: coste de acceso, hábitos saudables, convivencia, prácticas non favorables.

## Divulgación da oferta docente

Promoción do bacharelato no IES Cachada e privados de Noia (matrícula e díptico).
Promoción da ESO nos colexios do concello (matrícula e díptico).
Promoción da FP nos IES do zona (matrícula e díptico).
Divulgación da oferta educativa ás familias e ANPAS (díptico).
Elaboración dun díptico coa oferta educativa do centro.
Elaboración dun póster e cartel permanente (grande) coa oferta educativa.
Elaboración dun vídeo coa presentación da oferta educativa.
Artigos de publicidade.
Creación dun stand con dispositivos vinculados a electrónica para exposición.
Xornada de portas abertas (Ciclos, ESO e BAC).

## Aumento da oferta docente

### OFERTA:

1. CS de Asistente de Dirección e implicar ao concello.
2. Sección Escola Oficial Idiomas.
3. Educación de adultos.
4. Sección Bilingüe: EF en Francés, Módulos FP en Inglés
5. Programas e proxectos: Contratos-programas, Erasmus +, Proxecta, Innovación, Programas europeos. Procurar un centro dinámico e innovador.
6. Continuar e insistir na adscrición do centro (cambiar Cespón por Escarabote).

### ACTUACIONES NECESARIAS:

1. Informe de conveniencia do ciclo
2. Estudo de viabilidade
3. Solicitud de nova ensinanza.
4. Implicación do Concello de Boiro
5. Apoio da inspectora
6. Recollida de sinaturas

## **Mellora da acción docente e titorial**

Priorizar as medidas de mellora en 1º ESO

Facer un mellor seguimento e informar periodicamente ás familias (subxectiva-obxectiva)

Reunión coas familias para valorar o desenvolvemento do curso (balance, satisfacción, resultados, próximo curso, transporte e buscar implicación)

Invitar ás familias a participar nalgunha actividade.

Dar información por escrito as familias cando veñen as titorías e xeralizar o seu uso.

Cambiar/variación a metodoloxía de traballo entre alumno e profesor.

Ampliar o repertorio de ferramentas de avaliación.

Obrigatoriedade de deixar traballo en caso de ausencia (minimizar a perda horas lectivas)

Dar continuidade as linguas estranxeiras preparando as probas (DELF, proba libre EOI)

## **ESPIÑEIRA 2.0**

Fomentar e xeralizar o uso da aula virtual.

Potenciar uso do vídeo (aula invertida) como apoio tecnolóxico (aula virtual ou canal youtube).

Potenciar o uso do móbil como ferramenta pedagóxica.

Proxecto de innovación educativa: Sesión a distancia. Clase online unha tarde á semana na aula virtual.

## OUTRAS MEDIDAS

### TRANSPORTE:

1. Negociar con Outeiral un prezo reducido para o alumnado de bacharelato e implicar ao concello por se existe a posibilidade de subvencionar algo.

### CONVIVENCIA E SAÚDE:

1. Reforzas as medidas de vixilancia durante o recreo.
2. Implicar e solicitar a axuda da Garda Civil e Policía Local.
3. Proxecto Deportivo de Centro (Recreos Activos, competicións deportivas, xogos tradicionais).
4. Aula de convivencia.

### PROMOCIÓN:

1. Acto de entrega de recoñecementos aos mellores expedientes de FP e BAC.
2. Nota na prensa local (ACE significativa, XXV aniversario).
3. Acto conmemoración do XXV aniversario do centro.
4. Mantemento do instituto (aparcamento, portais, canalóns, limpeza, peche perimetral, farolas).
5. Promoción e dinamización cultural: Revista do centro, obra de teatro, presentación de libros, edición de libros, ...
6. Redes sociais

### PRACTICA NON APROPIADAS:

1. Abandonar as prácticas que proxectan unha mala imaxe do noso colectivo e do centro.